



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISION INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN, ENCADRADA NO GRUPO A SUBGRUPO A-2.

Mediante Resolución da Concellería Delegada de Persoal de data 20.01.2021 ditouse o acto administrativo co seguinte contido literal,

APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISION INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN, ENCADRADA NO GRUPO A SUBGRUPO A-2.

Examinado o expediente tramitado para a creación dunha lista de reserva para a provision interina de prazas de técnico de xestión, encadrada no grupo A, subgrupo A-2, resultan relevantes os seguintes:

Antecedentes de feito:

1.-Mediante resolución da Concellaría delegada de persoal de data 17/03/2020 aprobáronse as Bases de selección para a cobertura interina da praza de técnico de xestión, grupo A, subgrupo A-2 e constitución de lista de reserva. Por medio da resolución da Concellaría delegada de persoal de data 05/10/2020 modificouse o artigo 5 da bases anteriores e volveuse convocar o proceso selectivo dado que o anterior foi declarado deserto por acta do tribunal avaliador de data 21/09/2020.

2.- Mediante acta do tribunal avaliador do proceso selectivo para a constitución dunha lista de reserva para a provision interina de prazas de técnico de xestión, de data 13/01/2021 se establecía a puntuación provisional da fase de concurso e a proposición da orde dos aspirantes para a formación da lista de reserva, concedendo un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións as puntuacións e a proposición da seguinte de orde:

Nº orden	Nome e Apelidos			Puntuación	
1º	Pablo	Escobero	Cela	**1512**	31,53
2º	José Alberto	Cousido	Fernández	**9148**	29,5
3º	Mª del Pilar	Díaz-Pavón	Sánchez-Tembleque	**6805**	27,8
4º	Jacobo	Moreira	Ferro	**9429**	25,58
5º	Laura	Agrafojo	De Santiago	**6682**	25,17

3.- Trancorrido o prazo de presentación de alegacións, que finalizou o pasado día 18/01/2021, sen que se houbera presentado algunha, a proposición provisional considerase definitiva.

Fundamentos de dereito:



Primeiro: A lista de espera elaborada segundo o establecido no artigo 13 das bases reguladoras da convocatoria terá unha duración de 3 anos ou de menos no caso de que houberse un novo proceso selectivo para a cobertura destas prazas, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

Segundo: Os chamamento segundo o disposto no artigo 14 das bases reguladoras da convocatoria, realizárase do seguinte xeito:

“Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, enviándolle un burofax e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado, así mesmo tentarase comunicar por telefono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non recollese o burofax equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Aqueles que figuren no chamamento e non manifesten en prazo que están dispostos a aceptara oferta ou contesten rexeitando a oferta considerarase que renuncian.”

Terceiro: As renuncias aos chamamentos régulanse no artigo 15 das bases e onde se indica,

“A renuncia o nomeamento por causa xustificada (estar traballando por conta propia ou allea, facéndoo constar de xeito fehaciente, períodos de embarazo maternidade ou situacións asimiladas, ou enfermidade debidamente xustificada) determinará que non se perda a orde na lista de reserva procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante na orde da lista.

A renuncia por causa xustificada ao nomeamento como funcionario interino por dúas veces suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

A renuncia por causa non xustificada ao nomeamento como funcionario interino suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

O/a aspirante que tendo sido nomeado/a funcionario/a interino/a renuncie ao posto será excluído/a da lista de reserva.”

Por todo o anteriormente exposto esta Concellería delegada de Persoal (resolución de delegación 24/06/2019 nº 2019-0720),

RESOLVO

1.- Prestar aprobación á lista de reserva para a provisión interina de prazas de administrativo, encadrada no grupo A, subgrupo A-2, segundo a proposta do tribunal de data 13/01/2021:

Nº de orde	Nome e apelidos			Total puntuación proceso selectivo
1º	PABLO	ESCOBERO	CELA	31,53
2º	JOSÉ ALBERTO	COUSIDO	FERNÁNDEZ	29,5
3º	Mª DEL PILAR	DÍAZ-PAVÓN	SÁNCHEZ-TEMBLEQUE	27,8
4º	JACOBO	MOREIRA	FERRO	25,58
5º	LAURA	AGRAFOJO	DE SANTIAGO	25,17

2.- O funcionamento da lista de reserva aprobada axustarase ás previsións dos artigos 13,14 e 15 das Bases Reguladoras da Convocatoria.

3.- A presente lista terá unha duración de 3 anos ou de menos no caos de que houberse un novo proceso selectivo para as prazas de administrativo, momento a partir do cal deixaría de ter vixencia.





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

- 4.- Dispoñer a publicación da presente lista no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Tui para xeral coñecemento polos interesados, de forma complementaria na paxina web.
- 5.- Dar traslado da presente resolución o Pleno na primeira sesión que se celebre.
- 6.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse os seguintes recursos:
 - **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o da notificación da presente resolución.
 - **Contencioso administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezarán a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
 - Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

Mándao e asíno o sr. Concelleiro de persoal, José Ramón Magán Rivera en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.



Cod. Validación: 7MGGXZE6ANX4NBEAKE6N3GXW | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3